

## Johann Carl Friedrich Gauss (Brunswick, 1777-Göttingen, 1855)



Matemático, astrónomo e físico alemán.

Contribuíu significativamente en moitos campos, incluídas a Teoría de Números, a Análise Matemática, a Xeometría Diferencial, a Xeodesia, o Magnetismo e a Óptica.

Chamado «o príncipe das Matemáticas», e considerado «o matemático máis grande dende a antigüidade», Gauss tivo unha influencia notable en moitos campos das Matemáticas e da Ciencia, e considérase un dos matemáticos que máis influencia tivo na historia desta ciencia.

Gauss foi un neno prodixio, de quen existen moitas anécdotas sobre a súa asombrosa precocidade. Fixo os seus primeiros grandes descubrimentos mentres era apenas un adolescente e completou o seu *Magnum opus*, *Disquisitiones Arithmeticae*, aos 21 anos (1798), aínda que non sería publicado ata 1801. Foi un traballo fundamental para que se consolidase a Teoría dos Números, e moldeou esta área ata os días presentes.